

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Centro: Colexio Ayala CPR

Curso: 4º ESO

Materia: Ciencias Socias

Departamento: Xeografía e Historia

Data: 12/Mayo/2020

cións de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre... Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	Describe as características da cultura da Ilustración e as institucións políticas das monarquías.
Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.	Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria... científicos na súa propia época
Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o... Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, a importancia da información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.
Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha revolución... primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais... Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha revolución... século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os principais feitos... Discute as implicacións da violencia empregando diversos argumentos.
Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	Analiza os pros e os contras da primeira Revolución Industrial.
Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	Analiza e compara a industrialización de diferentes países... distintas escalas temporais e xeográficas. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos Estados Unidos.
Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.
Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia da industrialización en España.
Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais.	Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte a expansión... xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais... Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.

<p>Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo</p>	<p>Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre coa Guerra de 1914.</p>
<p>Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.</p>	<p>Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación. Analiza o novo mapa político de Europa. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva.</p>
<p>Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.</p>	<p>Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución e a actualidade. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos artísticos. Compara movementos artísticos europeos</p>

2 Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>-Considerada en todo o seu conxunto de todo o material e probas impartidas durante o ano.</p> <p>-Basearase na elaboración de material do primeiro e segundo trimestre con ampliación e reforzo de material sempre que favoreza ao alumnado.</p> <p>-Basearase a partir da suspensión das clases nun carácter diagnóstico e orientativo para reforzar os contidos impartidos co fin de buscar medidas de recuperación e de recuperación que serán necesarias para programar o seguinte curso.</p> <p>-Só terán un valor positivo para o alumnado.</p>
	<p>-Manteránse os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe recollidos no proxecto curricular e nas programacións didácticas elaboradas polo docente para o presente curso.</p>
Cualificación final	<p>-Para a nota da terceira avaliación terase en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) O traballo realizado durante este período. 2) O traballo realizado durante as outras avaliacións. 3) Os recursos do alumnado e as súas familias. 4) O interese polo traballo proposto. <p>O cálculo da nota da avaliación basearase na media da primeira e da segunda avaliación, coa posibilidade de mellorar ao decimal superior tendo en conta o esforzo realizado no tramo final do curso.</p> <p>Estos criterios serán flexibles tendo en conta a situación familiar e recursos do alumno.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Baseada nos traballos entregados ao final do curso</p> <p>Coa posibilidade dunha proba escrita en caso de que se podan retomar as actividades académicas; do contrario, baseado nas actividades enviadas telematicamente, impresa ou manualmente polo alumnado</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>-Baseados nos mínimos esixibles da programación.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>-Baseados nas notas das anteriores avaliacións e dos traballos que sexan entregados telematicamente, impresa ou manualmente polo alumnado.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: : A entrega dos materias enviados en cada area deseñados para establecer un seguimento e un</p>

	refuerzo específico para cada caso.
--	-------------------------------------

3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Serán actividades e tarefas baseadas nos coñecementos adquiridos na 1º e 2º avaliación e de ampliación dos mesmos ,utilizando fichas de reforzo e repaso e os libros de texto da terceira avaliación para o seu aproveitamento, xa que son unha sinxela continuación con apenas novos contidos que xa foron traballados na aula durante os dous primeiros trimestre.</p> <p>O 3º Trimestre tivo que ser modificado por da programación xeral entregada en setembro.</p> <p>-Unha vez rematada a 2ª Avaliación o 3º Trimestre baseouse no repaso de contidos tratados de maneira presencial .</p> <p>-O alumnado recibiu a través do centro de forma semanal bloques de tarefas a través da web ou impresas por parte do concello en caso de falta de conectividade.</p> <p>-Coa orden da Xunta do día 27 de Abril os alumnos empezaron a enviar as tarefas, que constituen a principal fonte de avaliación e calificación.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Partindo do nivel de desenvolvemento do alumno/a e das aprendizaxes previas posibilitar que realicen aprendizaxes significativas por si sos, axudándose das indicacións que se lles envían semanalmente por vía telemática que procuramos que sexan en todo momento moi motivadoras , manipulativas e ao mesmo tempo máis lúdicas.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Fichas para traballar os distintos contidos. -Propostas para producir textos propios. -Visionado de vídeos. -Propostas de traballo baseado no plan lector do centro. <p>Estes contidos son entregados cada luns na web do centro ou cada xoves dependendo de se carece de conectividade.</p> <p>No reenvío das tarefas pódese utilizar o word ou o envío de fotografías realizadas sobre as fotocopias ou calquera soporte.</p> <p>Dispoñemos de solucionador de actividades mediante distintos medios (videoconferencias, correo electrónico ou teléfono)</p> <p>En todo momento tivemos en conta a atención á diversidade do alumnado tendo en conta os seus distintos ritmos de aprendizaxe e as súas motivacións.</p> <p>A maioría do alumnado estivo con total conectividade dende o comezo do trimestre a través da aplicación Abalar, a páxina web do colexio e o correo electrónico do mestre.</p>

Materiais e recursos

Utilizarán os libros de texto, libros dixitais, fichas de reforzo e repaso, enlaces de vídeos e actividades interactivas, páxina web do colexio, correo electrónico, ordenador ou teléfono móbil

4 Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información chegará aos alumnos/as a través da aplicación ABALAR, a páxina web do colexio e o correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.